

COMUNICADO Nº 188/23

11 DE AGOSTO DE 2023

ACORDO PARA A EMISIÓN POR STREAMING DO CAMPIONATO GALEGO DE MONTAÑA DE 2023

Despois do acordo chegado coa TVG para a emisión do programa “Contra o Crono” e a realización de dous directos no Campionato Galego de Rallyes, a Federación Galega de Automobilismo, grazas ás xestións realizadas polo presidente Antonio Rodríguez Troitiño, chegou a un acordo con “Live Sports”, unha nova empresa que xurdiu da asociación entre Luis Vicente (Barracuda Racing 360) e Pablo Moreiras (Overallmedia e Asfalto y Motor), para a retransmisión en directo por streaming das probas restantes do Campionato Galego de Montaña de 2023 e co obxectivo de ter continuidade en vindeiros anos.

Este novo acordo supón un paso máis no proxecto da Federación Galega de Automobilismo de dotar de máis repercusión e visibilidade a todos os certames autonómicos e como non, aos deportistas galegos.

A primeira proba que terá a cobertura de Live Sports a través da canle de Youtube da FGA será a Subida a Taboadela, os días 19 e 20 de agosto.

